

III XORNADA

# O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E OS RETOS ESTRATÉXICOS DO SECTOR: I+D+i E SUSTENTABILIDADE.

19 de febreiro de 2020

Edificio Miralles.

Campus Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN](#)

O sector alimentario é un dos sectores estratéxicos en Galicia tanto pola súa dimensión, como pola súa transcendencia económica e social. Neste ámbito, o **Clúster Alimentario de Galicia** artella nunha estrutura organizada do sector alimentario galego, en senso amplo, integrando ás empresas, así como ás entidades de investigación e innovación e outras organizacións, en procesos de cooperación que permitan obter beneficios derivados da aplicación de accións e proxectos colaborativos, cos seguintes **obxectivos estratéxicos**:

- O1. Desenvolver a cultura da innovación e favorecer a difusión e aplicación do coñecemento.
- O2. Impulsar a creación de valor, a través de novos produtos e/ou procesos e a seguridade e calidade.
- O3. Mellorar a produtividade e sustentabilidade e avanzar cara á fábrica do futuro.
- O4. Reforzar o posicionamento nos mercados e adaptación ás tendencias do consumo.

Con este obxectivo constitúese a **Comisión de innovación e I+D** co obxectivo de acadar maior intercambio e interacción entre empresas, centros tecnolóxicos e universidades, consolidando así grupos de traballo arredor de temáticas relevantes para o sector alimentario:

1. Innovación en alimentos e ingredientes innovadores, seguros e saudables adaptados ás tendencias de consumo.
2. Novos modelos de produción e comercialización. Innovación en procesos e tecnoloxías. dixitalización e bioeconomía.
3. Loxística e distribución. *Packaging* innovador sustentable e adaptado ás tendencias de consumo.

En paralelo a **Comisión de sustentabilidade e economía circular** ten como obxectivo o reforzamento das cuestións relacionadas coa sustentabilidade ambiental, cunha mención especial á bioeconomía e á economía circular, incluíndo medidas e liñas concretas de actuación. En particular en tres ámbitos:

1. Organización de actividades de información e formación para os socios do clúster nas diversas cuestións relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a Economía Circular.
2. Apoio á posta en marcha de proxectos colaborativos destinados á mellora da sustentabilidade ambiental e a adaptación a unha economía circular.
3. Divulgación de boas prácticas dos socios do clúster nestes ámbitos.

# XORNADA O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E OS RETOS ESTRATÉXICOS DO SECTOR: I+D+i E SUSTENTABILIDADE

## PROGRAMA

19 de febreiro de 2020

Edificio Miralles.

Campus Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo

**10.00 h** Recepción de asistentes

**10.15 h** Benvida institucional

María Consuelo Pérez | Vicerreitora de Transferencia da Universidade de Vigo

**10.20 h** Presentación do Clúster Alimentario de Galicia: comisión e grupos de traballo

Noelia Dosil e Patricia Fraga | Xestoras de proxectos de innovación do Clusaga




**10.35 h** Presentación dos retos da Comisión de Innovación e I+D do Clusaga

María Corina Porro | Departamento I+D+i Nueva Pescanova

Julián Hernández | Xerente do departamento de Marketing Vegalsa Eroski

**10.55 h** Presentacións curtas dos grupos de investigación da Universidade de Vigo relevantes para o sector alimentario

**12.15 h** Café *networking*



# O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E OS RETOS ESTRATÉXICOS DO SECTOR: I+D+i E SUSTENTABILIDADE.

19 de febreiro de 2020

Edificio Miralles.

Campus Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo

**FORMULARIO DE  
INSCRICIÓN**